

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

## Lendas urbanas

### *A pantasma do circo*

Isto pasou nun barrio da capital de Ecuador. Contan que hai moitísimos anos había un circo moi famoso, tanto que toda a xente ía ver tal espectáculo. Ata que nun daqueles espectáculos o pallaso que daba comezo ó acto nunha das súas maniobras deixou a vida diante dos ollos de todos.

Pasaron anos ata que quedou casi no esquecemento e alí levantaron un colexio.

Contan os que viven ou pasan perto que alí se escoita un macabro riso cada mes de setembro.

Recompilador: Tomás Guillín Solano, alumno de 3º de ESO no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), curso 2005-2006.

Informante: Un irmán do recompilador.

Lugar e data de recollida: Sarria (Lugo), maio de 2006.